*É preciso rematar 4 carreiras para entrar na clasificación xeral ou, en caso de rematalas todas, desestimarase o peor resultado.

*Premios da clasificación xeral:

- Trofeos para os 3 primeiros de cada categoría: entrega na carreira da Carballeira, aprox. ás 13h na Praza da Lexión
- Agasallos: entrega o 19 de novembro na cancha central do Pav. dos Remedios de 10 a 20h.
- Todos os "Pitufos" que cheguen a meta recibirán unha medalla.

*Por necesidades organizativas estes percorridos poden ser modificados.

| CARREIRA | HORA | INSCRICIÓN | HORARIO | DORSAIS E CHIPS | VESTIARIOS |
|---|---|---|---|---|---|
| Cida Ponte VENRES 22/07/2011 | 21,15 | Do 11 ó 19 de xullo | 21,15h: Pitufos<br>21,25h: benxamín, alevín<br>21,35h: infantil e cadete | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 19:30 ata as 20:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| Nocturna do Corpus SÁBADO 27/08/2011 | 21,15 | Do 15 ó 24 de agosto | 21,45h: xuvenil, junior, promesa, senior e veteráns | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 19:30 ata as 20:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| C. da Casa da Xuventude DOMINGO 11/09/2011 | 12,00 | Do 29 de agosto ó 8 de setembro | 12,00h: Pitufos<br>12,10h: benxamín, alevín<br>12,20h: infantil e cadete | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | Na Casa da Xuventude. |
| C. do Couto DOMINGO 09/10/2011 | 12,00 | Do 26 de setembro ó 6 de outubro | 12,30h: xuvenil, junior, promesa, senior e veteráns | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| C. da Carballeira DOMINGO 23/10/2011 | 12,00 | Do 10 ó 20 de outubro | | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | No polideportivo da Carballeira. |

*Os pitufos poderán inscribirse de forma anticipada ou ata 30 minutos antes do comezo da proba.

*Os corredores que xa teñan o chip en propiedade e/ou que o adquiran nesta ocasión poderán utilizalo en todas as carreiras deste Circuito e de posteriores edicións, e tamén en calquera outra que conometre Championchip.

**+ información e resultados en:**
**www.ourense.es**
**www.championchipnorte.com**

# correndo por OURENSE

## circuito de carreiras populares

**Organizan:**

concello de ourense
CONCELLARÍA DE DEPORTES

**Colaboran:**

Casa da Xuventude
LA TROYA
Coffee Plus
Asociación de Veciños "CARLASCA" A CARBALLEIRA

**Patrocinan:**

GADIS
SOUSAS
Coca-Cola begano
PÉREZ RUMBAO

**Nocturna**
**27-8-2011**
Saída - Meta
Parque Barbaña

**Casa da Xuventude**
**11-9-2011**
Saída - Meta
Pista de Atletismo

**A Ponte**
**22-7-2011**
Saída- Meta
Rúa Vicente Risco

# correndo por OURENSE
circuito de carreiras populares

**A Carballeira**
**23-10-2011**
Saída-Meta
Praza da Lexión

**O Couto**
**09-10-2011**
Saída- Meta
Rúa Vila Real

**1000 m - 1500 m | 2000 m - 2500 m**

| Pitufos (Sen Chip) | Benxamín | Alevín | Infantil | Cadete |
|---|---|---|---|---|
| | 2002 - 2003 - 2004 | 2000 - 2001 | 1998 - 1999 | 1996 - 1997 |

## Sen DNI

**Préstamo de chip (recollelo en cada carreira e devolvelo ó rematar)**

= Inscrición
= Dorsal
Para todo o Circuito

www.championchipnorte.com

## Con DNI ou Pasaporte

**Adquisición de CHIP**
**10€**

- Subvencionado polo CMD
- Unha parte destinarase a axudar a un colectivo social

= Inscrición
= Chip
= Dorsal
Para todo o Circuito

- O rematar o Circuito

Devolver o CHIP adquirido neste circuito nos 15 días posteriores a última carreira, e recuperar 6€

Quedar co CHIP para futuras edicións do Circuito ou calquera outra carreira cronometrada por Championchip

www.championchipnorte.com

| Xuvenil | Junior | Promesa | Senior | Veterano |
|---|---|---|---|---|
| 1994 - 1995 | 1992 - 1993 | 1989 - 1990 - 1991 | > 1988 | A-B-C-D |

**5500 m - 6000 m**

# REGULAMENTO DO CIRCUITO DE CARREIRAS DE OURENSE

# CORRENDO POR OURENSE 2011

COMISIÓN TÉCNICA:

Ángel Fidalgo Vázquez (Delegación Ourensana de Atletismo): Carreira Nocturna de Corpus.

José Antonio Álvarez Pérez (Club Ourense Atletismo Academia Postal): Carreira da Ponte.

Manuel Estévez Feijóo (A Troya): Carreira da Ponte.

Eladio Gómez Rosales (Casa da Xuventude): Carreira da Casa da Xuventude

Arturo Rodríguez Pérez (Asociación de veciños Carlasca): Carreira da Carballeira

Miguel González González e Antonio Blanco Álvarez (Coffee Plus): Carreira do Couto

Marta Míguez Telle (Coordinadora de deportes do Consello Municipal de Deportes)

CARREIRAS QUE COMPOÑEN O CIRCUITO:

| NÚM. | DATA | HORA | NOME |
|---|---|---|---|
| 1ª | VENRES 22/07/2011 | 21:00 | CARREIRA DA PONTE |
| 2ª | SÁBADO 27/08/2011 | 21:00 | CARREIRA NOCTURNA |
| 3ª | DOMINGO 11/09/2011 | 12:00 | CARREIRA DA CASA DA XUVENTUDE |
| 4ª | DOMINGO 09/10/2011 | 12:00 | CARREIRA DO COUTO |
| 5ª | DOMINGO 23/10/2011 | 12:00 | CARREIRA DA CARBALLEIRA |

## REGULAMENTO XERAL

O Consello Municipal de Deportes organiza coa colaboración da Delegación Ourensana de Atletismo, o Club Ourense Atletismo Academia Postal, a Casa da Xuventude, a Troya, a Asociación de Veciños Carlasca e Coffee Plus, o Circuito de Carreiras Populares de Ourense “Correndo por Ourense” en diferentes localizacións do Concello de Ourense.

1. O Circuito “Correndo por Ourense” está integrado por 5 carreiras.
2. É preciso participar en 4 carreiras para entrar na clasificación xeral ou, en caso de participar en todas, desestimarase o peor resultado.
3. A puntuación en cada carreira correspóndese co posto alcanzado, de maneira que os que teñan menos puntos serán os primeiros clasificados/as.

4. As categorías son as seguintes:

| | | | |
|---|---|---|---|
| PITUFOS | 2005 E POSTERIORES | PROMESA | 1989 / 1990 / 1991 |
| BENJAMÍN | 2002 / 2003 / 2004 | SENIOR | 1988 E ANTERIORES ATA VETERANOS |
| ALEVÍN | 2000 / 2001 | VETERANOS A | DE 35 A 44 anos |
| INFANTIL | 1998 / 1999 | VETERANOS B | DE 45 A 54 anos |
| CADETE | 1996 / 1997 | VETERANOS C | DE 55 A 44 anos |
| JUVENIL | 1994 / 1995 | VETERANOS D | MAIORES DE 65 |
| JUNIOR | 1992 / 1993 | | |

5. Existen 4 distancias en función das categorías:

| | | | |
|---|---|---|---|
| PITUFOS | Aproximadamente 300m | INFANTIL E CADETE | Entre 2000 e 2500m |
| BENXAMÍN E ALEVÍN | Entre 1000 e 1500m | XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR E VETERANOS | Entre 5500 e 6000m |

6. Poderán participar atletas federados e non federados.

7. Estas probas pertencen ó calendario da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense).

8. O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.

9. O prazo para inscribirse en cada carreira remata 72 horas antes do seu comezo agás os pitufos, que poderán inscribirse de forma anticipada ou ata 30 minutos antes do comezo da proba.

| NÚM. | DATA | HORA | NOME | INSCRICIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1ª | VENRES 22/07/2011 | 21,00 | C. da Ponte | Do 11 ó 19 de xullo |
| 2ª | SÁBADO 27/08/2011 | 21,00 | C. Nocturna do Corpus | Do 15 ó 24 de agosto |
| 3ª | DOMINGO 11/09/2011 | 12,00 | C. da Casa da Xuventude | Do 29 de agosto ó 8 de setembro |
| 4ª | DOMINGO 09/10/2011 | 12,00 | C. do Couto | Do 26 de setembro ó 6 de outubro |
| 5ª | DOMINGO 23/10/2011 | 12,00 | C. da Carballeira | Do 10 ó 20 de outubro |

10. **A inscrición e o dorsal serán únicos para todo o Circuíto**, por tanto, o atleta debe conservar o dorsal en boas condicións. Deste xeito os atletas inscritos nalgunha carreira do Circuíto quedan automáticamente inscritos para todas as restantes.

**11. CHIP DE CRONOMETRAXE:**

a) As categorías xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos é imprescindible que teñan un chip amarelo de championchip en propiedade, por tanto, deberán adquirir o chip (a non ser que xa teñan un en propiedade) que estará subvencionado polo Consello Municipal de Deportes, de maneira que o corredor só aporta 10€. Desta cantidade  unha parte irá destinada cada ano a axudar a un colectivo social. Este chip será único para todo o

Circuíto e só haberá que recollelo na primeira carreira na que participe e xa queda en posesión do seu dono para ser utilizado en todas as demais.

b) As categorías benxamín, alevín, infantil e cadete:

- poden telo en propiedade (sempre que teñan DNI) seguindo o procedemento das categorías superiores (párrafo anterior) ou ben optar polo chip de préstamo que proporciona gratuitamente o CMD

- poden usar o chip de préstamo que proporciona gratuitamente a organización e que obrigatoriamente terá que devolver ó rematar cada carreira. Neste caso deberá chequear a casilla no procedemento de inscrición que indica a anulación do pago do chip en propiedade.

-

c) A categoría pitufos corren sen chip.

12. **FORMAS DE ISCRICIÓNS**: Todos os atletas deben inscribirse obrigatoriamente a través da páxina www.championchipnorte.com seguindo as instruccións. **LEMBRA QUE A INSCRICIÓN E ÚNICA**

13. Ó finalizar o Circuíto 2011 os corredores que adquiriron o chip neste circuito poden

a) devolver o chip: poden facelo nas oficinas do Pavillón dos Remedios no prazo de 15 días a partires do luns seguinte da última carreira do circuito 2011. Ó remate deste prazo os corredores que devolveron o chip recuperarán 6€ que lle serán devoltos na propia tarxeta coa que se fixo o pago a través tamén da "pasarela de pago" de Championchip.

b) Quedar co chip: Para futuras edicións do circuito ou resto de carreiras controladas por ChampionChip

***NOTA: EN NINGÚN CASO SE PODERÁ DEVOLVER O CHIP QUE NON FOI ADQUIRIDO NESTE CIRCUITO***

14. A recollida dos chips e dorsais poderase realizar na secretaría da primeira competición na que participen dende 90 minutos ata media hora antes do comezo da primeira proba do día.

15. O chip de cada participante deberá ser colocado nos cordóns das zapatillas antes de dar a saída, os corredores que non o leven non entrarán nas clasificacións.

16. En caso de que o corredor perda o chip propio o Consello Municipal de Deportes non volverá subvencionarlle a adquisición, tendo que autoxestionar a través de Championchip a compra doutro chip.

17. Percorrido:

| NÚM. | Carreira | Percorrido Pitufos | Percorrido Benjamín, Alevín | Percorrido Infantil e Cadete | Percorrido Xuvenil, Junior, Promesa, Senior e Veteranos |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª | Carreira da Ponte VENRES 22/07/2011 | Vicente Risco – F.ca Herrera - Avenida de Santiago - Av. Caldas - Vicente Risco: 1 VOLTA | Vicente Risco – Francisca Herrera – Avenida de Santiago – Basilio Álvarez (ida e volta) – Av. Caldas – Vicente Risco | Saída e meta: Vicente Risco (Anexa) - F.ca Herrera - Av. de Santiago - Basilio Álvarez (ida e volta) - Av. Caldas - J.Antonio Moretón - Ribeiriño - Av. Caldas - Mercado - Salustiano Muñoz - Ramón y | Saída e meta: Vicente Risco (Anexa) - F.ca Herrera - Av. de Santiago - Basilio Álvarez (ida e volta) - Av. Caldas - J.Antonio Moretón - Ribeiriño - Av. Caldas - Mercado - Salustiano Muñoz - Ramón y |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Cajal - Av. Caldas - Vicente Risco: 1 VOLTA | Cajal - Av. Caldas - Vicente Risco: 3 VOLTAS |
| 2ª | Carreira Nocturna do Corpus SÁBADO 27/08/2011 | SAIDA-META Parque Barbaña, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Rúa Portocarreiro | SAIDA-META Parque Barbaña, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Rúa Portocarreiro, Paseo Ponte Pedriña marxe dereita, Subida Praza de Abastos, Ponte Rúa Fervedoiro, Rúa vilavalencia, Camiño do Barbaña e Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda. | SAIDA-META Parque Barbaña, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Cruce Rúa Portocarreiro, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Rúa Antonio Puga, Rúa Ponte Lebrón, Paseo Ponte Pedriña marxe dereita, Cruce Rúa Portocarreiro, Paseo Ponte Pedriña marxe dereita, Subida Praza de Abastos, Ponte Rúa Fervedoiro, Rúa vilavalencia, Camiño do Barbaña e Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda. | SAIDA-META Parque Barbaña, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Cruce Rúa Portocarreiro, Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda, Rúa Antonio Puga, Rúa Ponte Lebrón, Paseo Ponte Pedriña marxe dereita, Cruce Rúa Portocarreiro, Paseo Ponte Pedriña marxe dereita, Subida Praza de Abastos, Ponte Rúa Fervedoiro, Rúa vilavalencia, Camiño do Barbaña e Paseo Ponte Pedriña marxe esquerda. |
| 3ª | Carreira da Casa da Xuventude DOMINGO 11/09/2011 | 200m na pista de atletismo da Universidade. | | | |
| 4ª | Carreira do Couto DOMINGO 09/10/2011 | | | | Saída e meta: Vila Real - Ervedelo - Velázquez - Remedios - Dalí - Ervedelo - Vila Real |
| 5ª | Carreira da Carballeira DOMINGO 23/10/2011 | Praza da Lexión | Praza da Lexión - Castelo Ramiro - Algaria - Palomas - Corredores - Castelo Ramiro - Praza da Lexión. | | Saída e meta: Praza da Lexión - Castelo Ramiro - Hórreo - Paspallás - Salto do Can - Rula - Algaria - Palomas - Corredores - Castelo Ramiro - Praza da Lexión. |

Por necesidades organizativas estes percorridos poden ser modificados.

18. Todos os que estén na clasificación xeral por participar nas 4 carreiras recibirán agasallos e os 3 primeiros/as de cada categoría recibirán un trofeo.

19. A entrega de trofeos terá lugar na carreira da Carballeira, que é a última do Circuíto, cando rematen todas as probas, aproximadamente ás 13h na Praza da Lexión.

20. A entrega dos agasallos será o sábado día 19 de novembro na cancha central do Pavillón Municipal dos Remedios de 10 a 20h.

21. Na categoría de Pitufos, todos os participantes que cheguen a meta recibirán unha medalla conmemorativa en cada carreira.

22. Para poder recoller os premios deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas por medio de DNI ou documento legal en vigor.

23. Será motivo de descalificación, entre outros, non levar dorsal ou manipulalo, falsificar datos persoais, a suplantación de identidade...etc.

24. As reclamacións deberán ser feitas ao xuíz árbitro ata 30 minutos despois da publicación oficial dos resultados.

25. A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira.

26. O feito de participar neste Circuíto implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa utilización.

27. Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

28. Os resultados definitivos das carreiras publicaranse en www.championchipnorte.com e en www.ourense.es.

| NÚM. | CARREIRA | HORA | **INSCRICIÓN** | HORARIO | DORSAIS E CHIPS | VESTIARIOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª | C.da Ponte<br>VENRES<br>22/07/2011 | 21,00 | Do 11 ó 19 de xullo | 21,00h: Pitufos<br>21,10h: benxamín, alevín<br>21,20h: infantil e cadete<br>21,30h: xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 19:30 ata as 20:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| 2ª | Nocturna do Corpus<br>SÁBADO<br>27/08/2011 | 21,00 | Do 15 ó 24 de agosto | | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 19:30 ata as 20:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| 3ª | C. da Casa da Xuventude<br>DOMINGO<br>11/09/2011 | 12,00 | Do 29 de agosto ó 8 de setembro | 12,00h: Pitufos<br>12,10h: benxamín, alevín<br>12,20h: infantil e cadete<br>12,30h: xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | Na Casa da Xuventude. |
| 4ª | C. do Couto<br>DOMINGO<br>09/10/2011 | 12,00 | Do 26 de setembro ó 6 de outubro | | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | No Pavillón dos Remedios. |
| 5ª | C. da Carballeira<br>DOMINGO<br>23/10/2011 | 12,00 | Do 10 ó 20 de outubro | | Na secretaría da competición (zona de saída/meta) o día da proba, dende as 10:30 ata as 11:30 horas. | No polideportivo da Carballeira. |